



Tres casamentos nun día

Alá na terra de Lughos
na montaña de Murón
pasou un caso chocante
que causa admiración.

Vevía unha patrona
cunha filla e unha neta,
as tres estaban solteiras
nunha casinha pequena.

Todas as tres tiñan mozo,
todas se queren casar,
e maiorment' a patrona
xa non se pod' aguantar.

Esa trataba cun vello
medio xord'e xurubado
pero era moi bonito
porque tiña moitos cartos.

A fill'era media bruxa
e tamén tiña rapás,
un xastre de mala morte
qu'andaba polo lughar,

A net'era moi noviña,
tiña quince primaveras
sólo tiña un defeuto:
qu'era algo torta das pernas.

Esa tamén tiña mozo,
un ghallardo pariaghüeiro
que cando viñ'ò lughar
botáball'algún romendo.

Un día que se xuntaron,
entre todas acordaron
casarse todas nun día
por avitar moitos ghaustos.



Ó trazar eso a vella
foi xunt'ò cura currendo
antes que ningún dos novios
cambiara de pensamento.

“Boas tardes, señor curam
véñolle a perghuntar,
por facer tres casamentos
cánto nos vai cobrar.”

“Pois un vale trinta pesos
e os tres valen noventa,
pero si son os tres xuntos
rebaixareilles a cuenta.”

“Claro que son os tres xuntos
e todos no mesmo día
cásom'eu, e cásas'a neta
e tamén se cas'á filla.”

“¡Alabado sea Dios...
nunca outor tal se viu
dendersde que son sacerdote,
tres casoiros nunha casa
debe ser señal de morte”.

“Non lle é señal de morte
é qu'atopamos tres burros
queremos aparelalos
pa que queden ben seguros.”

“Pois véñanse cando queiran
que eu cásoos de contado
e como son os tres xuntos
héillelo facer barato.”

“De padriños e madriñas
xa servimos us pr'òs outros
usté arrégghlenos pronto
que queremos razar pouco.”

Un día de moit'inverno
marcharon pa se casar,
deixaron a casa sola
e ós rapaces do lughar.



Entráronlle na cociña
leváronll'a carne toda,
o viño e i-as empanadas
todo o que tiñan prá boda.

Tocando cornos e latas,
cinzarros e potes vellos
marcharon p'ònha xesteira
moi alegres e contentos.

Alí tiveron a festa
á conta dos casamentos.

Chegharon as tres parexas
que viñan de se casar,
pensando na ghran enchente
que se iban a papar.

Cando chegaron á casa
iatopan todo barrido,
falt'à carne e falt'ò pan
e o pelexo do viño.

“Quén sería o ghalopín
tan ladrón i desalmado?”
decían as tres parellas
todas òn tiempo chorando.

“Esta si que che foi ghorda
nunqu'en m'houvera casado
que polo pirmeiro día
lovamos un bo petardo.”

“Esta si que che foi ghorda
dix'à tía Micaela
mentres nos fomos casar
roubaronnos a ovella,
a carn'e as empanadas,
empanadas e paiella,
e non lovaron a casa
porque non poideron con ela.”